



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. 2019/2020

CEIP CAMPOMAIOR – ORDES

CURSO: 6º

MATERIA: Inglés

DATA: 7 maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 6	CENTRO: CEIP CAMPOMAIOR CURSO: 6º MATERIA: INGLÉS
--	---------------	---



ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 6	CENTRO: CEIP CAMPOMAIOR CURSO: 6º MATERIA: INGLÉS
--	---------------	---



1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).
B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).
B2.3. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.	PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predictable que ten lugar para súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).
B3.1. Identificar o tema o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.	PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.
B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral a información esencial ou os puntos principais do texto.	PLE B2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema



	que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.
B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, etc.
B4.1. Construír en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.
B5.5. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.	PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción condúzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).
	PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).
	PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.



2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. En ningún caso, o alumnado poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre.</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Probas orais escritas do primeiro e segundo trimestre.- Observación sistemática no primeiro e segundo trimestre (Diario de clase, escala de observación, traballo na casa, interese e respecto pola asignatura, materiais e comportamento).- Utilización da plataforma online Travelers e exercicios vía aula virtual e correo electrónico durante o terceiro trimestre.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizada dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020 sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción do criterios de avaliación e cualificación teranse en conta aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.</p>



3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades traballan todos os ámbitos lingüísticos da lingua inglesa: escoita, pronunciación, escritura, lectura, vocabulario e gramática. Son actividades baseadas no repaso e reforzo do aprendido.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Alumno con conectividade: <ul style="list-style-type: none"> - Propostas de actividades e seguimento individualizado pola plataforma online Travelers. - Vídeos explicativos realizados pola docente. - Intercambio de correos electrónicos con fotos de actividades que fai o alumnado, que responde a docente con comentarios e correccións. Alumnado sen conectividade: <ul style="list-style-type: none"> - Fichas con explicacións adaptadas a cada alumno ou alumna, e actividades personalizadas.
Materiais e recursos	Alumno con conectividade: <ul style="list-style-type: none"> - Plataforma Travelers e actividades e vídeos explicativos na aula virtual. Alumnado sen conectividade: <ul style="list-style-type: none"> - Fichas con actividades personalizadas.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As comunicacións coas familias lévanse a cabo a través de Abalar Móbil, anuncios na Aula Virtual, correos electrónicos, comunicación a través dos titores e nalgúns casos utilizando o teléfono personal.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.